

# INSTRUCCIÓN 1/2021 DO XERENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO SOBRE AS CONTORNAS DE PROTECCIÓN NOS ELEMENTOS CATALOGADOS DOS INSTRUMENTOS DE PLANEAMENTO

## PARTE EXPOSITIVA

Os efectos legais "erga omnes" e "ex tunc" da declaración de nulidade dunha disposición administrativa, atemperados polo artigo 73 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (LXCA), redúcense substancialmente no relativo aos Catálogos de elementos a conservar ou protexer incluídos nos instrumentos de planeamento en virtude do sinalado no artigo 86 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación (LMFAO) que precisa,

*"Para os efectos da protección do patrimonio cultural e da aplicación da Lei do patrimonio cultural de Galicia, a simple declaración de nulidade do instrumento de ordenación urbanístico non implicará a perda da condición de bens declarados de interese cultural ou de bens catalogados dos bens incluídos no catálogo do instrumento de ordenación anulado, sendo de aplicación en todo caso o réxime derivado da lexislación indicada."*

En virtude do precepto transcrito a declaración de nulidade do PXOM de 2008 (STS 10.11.2015) ten limitado os seus efectos en materia de patrimonio cultural o establecer o lexislador autonómico unha excepción ao principio de eficacia das resolucións xudiciais e ás potestades sobre a súa execución, artigo 103 da LXCA, determinando tal excepción a necesidade dunha interpretación restritiva, artigo 4.2. Título Preliminar Código Civil.

A circunstancia exposta e o feito de que os artigos 30 e 38.1 da Lei 5/2016, de 26 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia (LPCG) determinen que corresponde os catálogos dos planeamentos urbanísticos, é dicir, a unha decisión municipal, o establecemento dos contornos de protección, permiten apreciar a vixencia dos contornos definidos tanto no Plan Xeral de 2008 como no Plan Especial de Edificios, Conxuntos e Elementos a Conservar de 1990, no entendemento de que a ausencia, no seu caso, dos contornos respecto de determinados elementos catalogados foi e é unha previsión tácita e consciente do planificador na consideración da súa innecesiedade ou non conveniencia o que exclúe a aplicación supletoria das previsións da LPCG.

A interpretación exposta ten sido ratificada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en S. de 4 de febreiro de 2021 que considera, *"son os catálogos dos instrumentos do plan os que han de determinar os contornos de protección dos bens e facelo so <<no seu caso>>, é dicir, cando resulte necesario ou se crea conveniente"*.

A mesma sentenza -FX Oitavo- engade, *"non resulta coherente que se prescinda logo de que o Plan Especial no seu día non lles delimitase contorna de protección algún ..., para facer entrar en xogo a protección subsidiaria ..., cando conforme o que dispón o artigo 35 da mesma Lei é aos entes locais, a través dos catálogos dos instrumentos de plan, aos que corresponde incluír os bens do seu patrimonio cultural e delimitar a súa contorna de protección, sen prexuízo de que a Consellería poida elaborar directrices e recomendacións"*.

A Disposición adicional terceira da LPCG establece, *"Os catálogos do planeamento xeral municipal ou do plan de desenvolvemento terán a consideración de*



normativos no referido ás actuacións e condicións de protección, e definirán os tipos de intervención posible e o nivel de protección de cada ben incluído neles, así como as determinacións específicas que se consideren necesarias.”; conforme o exposto o precepto advirte e reitera que o contorno de protección (determinación específica) determinarase cando resulte necesario, é dicir, non establece, en todo caso, a necesidade expresa de determinación de contornos nos elementos catalogados.

## **PARTE DISPOSITIVA**

Mentres non se proceda á modificación do PXOM 2008 ou do PEEC de 1990 no que se refire ao desenvolvemento (contorno de protección) dos elementos dos seus Catálogos, ou mentres, conforme á Disposición adicional segunda 2. da LPCG, non se determine regulamentariamente pola Administración autonómica o formato e, no seu caso, os criterios, directrices ou recomendacións para a delimitación dos entornos de protección mínimos aplicaranse polos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo aos elementos catalogados dos distintos instrumentos urbanísticos os seguintes contornos de protección:

**1.- Elementos incluídos no Catálogo de Edifícios, Bens e Elementos Protexidos do PXOM2008, vixente**, de conformidade co artigo 31.4 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia LPCG e o artigo 86 da Lei 2/2017 de medidas fiscais, administrativas e de ordenación LMFO, son os definidos no artigo 10 das Normativa do dito catálogo:

-Elementos con protección integral: as grafiadas nos planos das fichas do catálogo.

-Elementos do patrimonio arqueolóxico á denominada no catálogo área de respecto grafiada na ficha dos elementos.

-Elementos etnográficos: 50 metros para os elementos etnográficos localizados na vía pública e os límites do predio no que se sitúen para os elementos emprazados dentro de parcelas de titularidade privada

-Edifícios con protección estrutural y/o ambiental: os límites do predio no que se sitúen para os elementos emprazados dentro de parcelas de titularidade privada.

**2.- Elementos catalogados no ámbito de planes especiais de protección vixentes**: os contornos que, no seu caso estableza, o Plan Especial en cuxa delimitación se atopen e sen que sexan de aplicación os que, con carácter subsidiario, establézanse na Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia.

Vigo, a 18 do febreiro de 2021.-



O XERENTE



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo  
EXPEDIENTE 1066\_400

Data impresión: 26/02/2021 12:00

Páxina 3 de 3

CSV: 23E4D7-A4AD8B-BB4836-F1QL5Y-BBH5BU-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>